

# A NOSA TERRA

Idearium das Irmandades da Fala

---



Ano XIV

25 Xulio do 1930

Núm. 274

RG 106/1

TERRA

Grandes Almacenes de Tecidos  
**NUEVO MUNDO**

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECIONS

DISPONIBLE

INMENSO SURTIDOS EN PANOS DA REXIÓ E EXTRANXEIROS CONFECIÓNANSE TODA CRAS DE PRENDAS PARA MULLERES, HOMES E NENOS

San Andrés, 41 e 43 - Teléfono 256  
**A CRUÑA**

A superioridade dos

**CALZADOS SENRA**

Abonda para xustificar a preferencia dos consumidores, mais o procedere d'unha industria galega,

**HONRA DA NOSA REXION**

obriga á non gastar outros á cantos sinten amor pol-a sua Terra

Fábrica. Avenida da Granxa - A CRUÑA

DESPACHOS: Cantón Grande, 15 - A CRUÑA-REAL, 110-FERROL, Principe 9-VIGO

**Peluquería "La Modernista"**

PROPIETARIO

Manuel Acea Suárez

Peluqueiro dos teatros Rosalía de Castro, e Linares rivas, da escola -: Dramática Galega, e de todol-os cadros de decramación da Cruña -:

Especialidade en pelucas, afeites, crepés e compretas caraiterizacións  
:-: para teatro :-:

PARA TODA CRÁS DE TRABALLOS DE PELUQUERÍA DIRIXIRSE A

San Andrés 94 - 1.º

**A CRUÑA**

# A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

---

## Redacción e Administración

Rúa Real, 36, -1.º

A CRUÑA

## Precios de Suscripción

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un ano 6 pesetas. América, un ano 8 pesetas.

PAGOS ADIANTADOS

---

ANO XIV



25 de Xulio do 1930



Núm. 274

---

## AO DECORREL-OS DIAS

Un novo «Día de Galicia». O día grande da Patria. O día símbolo de festa nacional que teñen todol-os pobos.

Os pobos libres, non mediatizados, adoitan a celebrar o seu día con grandes festas de explosión patriótica. Para os que aínda non son por inteiro donos dos seus destínos siñifican estas datas supremas arelas de renovación, de liberación e pensamentos xenerosos voando en procura do porvir. Pombiñas mensaxeiras portadoras de ideas de amor, de liberdade.

Fai sete anos que en Galicia o día de hoxe viña celebrándose únicamente na comunión espiritual dos bós e xenerosos. Non podía exteriorizarse e os latexos do corazón ofrendados no altar da Patria eran cinguidos e coutados pol-o xugo alleo.

Mais como as boas ideas e os pensamentos sanos teñen máis poderío que a forza bárbara, os días no seu decorrer foron poñendo as cousas no seu lugar e este ano xa o día de hoxe pode ter, anque non toda a que lle corresponde, mais libre expansión e públicamente pode facerse algunha exteriorización do seu siñificado.

A nosa bandeira, cos seus côres de pureza branco e azur, flameará aovento en moitos currunchos da nosa terra decindo ao mundo que aquí hai un pobo, unha raza que cobiza lle sexan reconscidas por inteiro as suas prerrogativas como tal pobo e raza.

Aqueles oustáculos poderosos, que o parecían aínda máis cando estaban en vigor, están hoxe destrozados e por riba do seu cadávre a xusticia, a razón e o dereito brincan camiñando deica o hourizonte lonxano onde aniñan aínda máis grandes libertades. Un camiñar que non poderán detér xá os oustáculos de calquer crás de calquer forza que ao seu paso quéiranselle poñer. Porque non hai forza humán capaz de poder impedir o andar d'un pobo que tén concencia de seu e adequiriu o convencimento de que ten dereito a algo mais do que hoxe posee. Galicia anda a recuperar íntegramente a súa alma e os seus dereitos e para conqueril-o todol-os días do ano son días consagrados a tal patriótica labourea reivindicadora.

No día de hoxe, resume de todos, día simbólico e ateigado de arelas prometedoras, os nazonalistas renovamos o xuramento feito:

Preto e lonxe, onte, agora,  
mañán, na vida e na morte.

Un saúdo preno de agarimo a todol-os irmáns que connosco comulgan o sagro ideal de Galicia.



Canta nos hourizontes a vos nova  
D'unha leda Galiza confiada  
¡A tristura fonda foise pr'a cova:  
Orballa lus nos cumes a alborada!

—  
Ialma da terra, infínda mocidade  
Da raza celta sempre leda e sán,  
Nos teus ollos enxoutouse a saudade,  
Levas na frente a estrela do mañán.

—  
Maus guiadoras da reixa do arado,  
Maus que mandades nas ondas do mar,  
Maus dos que lonxe do terrón amado  
Levan nos beizos galego falar.

—  
Aplaudide xuntas no Día da Galiza.  
¡A bandeira nosa ondea valente  
I-as maus de Sant-Iago con fonda lediza  
Franquean as portas d'un trunfal abrente!

R. O. P.

## ESQUEMAS E LEMBRANZAS

## O DÍA DA GALIZA

\*\*

A Galiza tivo moitos días de vivir e moitos días non quero decir de morte, si non de durmidura. Non procuramos destacar o xeito oratorio ou pictórico un contraste demasiado forte entr'as dúas verbas: vivir e durmir. O estilo dos pobos se non compón de coores e luces crúas, si non de matizaciós de lus e de coor. Por iso a Galiza durmida non se opón á Galiza esperta. Pois durmindo sóñase, e ceais no ensoño da Galiza se teña criado o millor da psicoloxía da raza, e dibuxádose os hourizontes chamadores da aitividade e do esforzo xeneroso da Galiza desperta d'hoxe.

\*\*

A Galiza d'hoxe sintonha alegría ben coñecida pol-os moralistas e psicólogos bos esculcadores das yalmas: a alegría de ter domeado un remordimento, de non ouir xa un berro acusador.

\*\*

Todal-as campás badelan no día de Sant-Iago d'unha maneira difrenteâs outras festas da Eirexa, sentíndose vos do pobo cristián tinxida da vos unánime da Galiza, e cantan confiadas sabéndose confiadas pol-as xeneraciós futuras, sabéndose tocadas pol-a mau invisibre e poderosa da raza.

\*\*

Bandeira da Galiza azul e branca, sinxela e pura, consoadora e comprensiva, nemiga dos coores de sangue e fogo, bandeira de paz e d'amor na que é doce ser envolvemento cando nos levaren pr'a coba:

tamén sabes ondear na guerra xusta pois estás suñcada no curazón d'un pobo forte i-a sangue divino do teu cáliz non consinte aldraxes de ninguén.

\*\*

A rotaceon dos tempos. N'outrora, aínda nos comenzos d'iste século as señoras de caste—pazo, festas e relaciós en Sant-Iago, grande independenza sobr'a moda e sobre Madrid—falaban entre elas e cos labregos, un galego de curtesanía e comprensión. Despoixa as donas falaban castelán e fixeron á nosa fala mais mal qu'os ministros centralizadores do espírito. Aíxíña as donas galegas falarán galego. E temos dereito a pensar que non chegará pra il outra tempada de inxusto desamor.

\*\*

¡Senhor Sant-Iago! Xa podes estar led o Xa non che pintarán mais matando mouros nin a tua crus servirá pra erguer os brasóns de castes desprezativas. Volves a ser pra todos, o pelegrino das terras e da mar, a apóstol dos homildes, o Patrón da Terra na que tí quiseches que repousara o teu corpiño sacrificado, no amor das artes e da orazón do pobo galego.

\*\*

Os nosos mortos, os nosos bós e xenerosos (Porteiro, Lousada, Viqueira, Amado, e tantos outros) non morreron pra nós. N'iste grandía d'hoxe están presentes suas yalmas no banquetesimbóleco e parten connoscoo viño i-o pan da boa Terra Nosa

R. Otero Pedrayo



## O NOSO PRESENTE



A Galiza mais qu'outras terras, cruza agora por un momen'o tráxico. Tráxico eiquí na auiceon superior da palabra, no significado de máisima tensión e de loita de correntes novas e vellas, do que pode resultar vida ou morte. Que hai un pulso forte na Galiza está tan demostrado que soilo un carauter de funcionareo enxoito poderá dubidalo. Agora que o esenzal pra nós será si ise pulo de enerxía está ou non ispirado no verdadeiro espírito galego, e non somentes en comenencias materiás que son boas, son hastra básicas si se quer, mais non abundan pra facer patrea no sentido fondo e inmorrente da verba, Patrea do espírito galego. Nós coidamos que sí, que a Galiza son samente rexurde sinon que rexurde con pulo criador. Que vai chegando, ou pol'o menos anunciando a grande época da sua historia. Mais ista confianza interna, na que participan os mellores pensamentos galegos, non debe cegar a ninguén os ollos. Toda nova frolaceon está ameazada por terribres enemigos o mesmo qu'a primavera do agro ou do pomar pol'as xiadas. E d'istes enemigos hai algús ben craros e definiados. Hai outros menos doadamente risibres. Os primeiros non nos deben faguer medo. Coñecer a un enemigo é xa telo cuase vencido. A rutina na educazón, a imitanza de Madrid, o despresti-

xio das nosas cousas i-outras potenzas onte cheas de poder non'o teñen hoxe. Están cheas de descreto, sua falsedade foi pôsta de manifesto por todol'os xeitos e ainda que sigan operando fãno xa sin intemo convencimento e aixiña serán algo arqueolóxico na historia psicolóxica. Son mais de temer ises outros enemigos que se presentan misturados con boas intenciós, mais que un verdadeiro galeguismo non pode aceitar. Por exemplo, unha arela de cultura tidoada moderna e que ceçais o seña, de ningún modo conforme c'o eixe espiritoalista da nosa raza. Está representada por moitas castes de xente e d'intenceon. Os que desexan americanizar â Galiza opoñense por definiceon â Galiza desexada. Dise—e un lugar común ben repetido—qu'os pobos coloniaes son pobos novos. Ben pensado soilo é certo na tona de por fora, pois por dentro acugulan as velleces dos outros pobos acrecidas pol'o desglosamento que supón a falla de continuidade espiritoal. Coidan.os que o espírito galego disfróita d'unha orixinalidade incomparabre, vivente e fortalecida baixo as densas capas de cultura imperialista que non poideon endexamais afogála. Agora que ninguén nega o vivir propio das rexións resultaría hastra redícolo deixarse americanizar. Estas verbas non supoñen ningún desprezo pro

esforzo moderno do continente americano. Hai moitos galegos que loitan por unha Galiza civil, mecánica, pragmática, de negocio pra facer cartos e luxos pra gastar os cartos feitos nos negocios. Seu trunfo sería outra morte pra Galiza cuio espírito chouta por riba dos hourizontes do vivir presente e soña c'un alem, c'a Galiza onde nasceu c'a arte románica a primeira forma nova do espírito occidental. A cultura galega debe procurar ô pobo o millor *outillag* posibre pr'o desenvolvemento das suas aitividades. Mais

nin pode deixar no abandono o sentido mitolóxico e relixioso do pobo, nin esquencer que unha cultura superior onde se ataquen de frente os problemas eternos, e unha cultura de arte, son as tídoos que Galiza presentará pra recramar o seu posto no mundo civilizado. A civilización material leva en si un xermen de morte. A cultura espiritual, o erguemento da propia orixinalidade non pode morrer pois como espírito se non suxeita ô imperativo da morte.

*Manuel Gulin*



## O GRAN DIA

D'esa forza vital que os mundos move  
E que acende as estrelas relucentes,  
Baixar debera, en aloumiño morno,  
Un resplandor que as almas conmoverá  
Limpándoas dos lixos pecadores.

Abonda xa de guerras malfadadas;  
Caín e Abel son abafante símbolo.  
Morra p'ra sempre a desdentada invexa,  
E unha aurora d'amor borre as negruras  
Que nas almas os ódios sementáran.  
¡Que frorezan decote, enmeigadores  
A irmandade e o amor! ¡Que teña altares  
En cada lar a nai Misericordia!

Noites frientas do tebroso inverno,  
Días d'anguria e de soidades negras,  
Que pesan sobre as almas desherdadas  
Feridas pol-a dor. Orfos da vida,  
Orfos de patria, orfos d'amor, seredes  
Redimidos no día que aguardamos,  
No día da xusticia, cando reine  
Nos corazóns a nai Misericordia!

¡Que volva a liberdade ben amada  
E unha aurora d'a amor ás almas veñal  
Que o fanatismo, a intolerancia odiosa  
Lembranza seian de xa mortos tempos.

¡Que chegue a ser tan fino e requintado  
O sentimento da piedade humana  
Que nin siquera as carnes do boi manso  
O duro ferro d'aguillada firal

M. LUGRÍS FREIRE

## O PROBLEMA POLITICO MAIS NOSO

Nosos son todol'os problemas políticos pois Galiza vai deixando de ser a orgaizazón administrativa das catro provincias e apalpase como un atleta desperto d'un longo ensoño os seus músculos vitae que non ademiten participación poill'o mesmo sangue i-o mesmo esprito animan o seu corpo dend'o Bares axexador do cantábrego deica â Portela do Homen, dend'os portos fragosos de Pedrafita deica os artellados cons atrántecos da Fisterra. E como ente vidal seque o ritmo do mundo e non pode ser indiferente ôs problemas da India ou da América. Contodo a urxenza da política galega tén que graduar os seus camiños. Agora fálase moito das 'uturas cortes. Mais coido que os bós galegos deben pensar millor n'outras eleicións: nas do concello. Ben poucas razóns sou soficientes pra sufincair ista afirmazón nosa. O concello está mais preto da Terra igoal na aldea que na cidade. Eiquí no agro, il representa a forma políteca natural e necesaria. Nos concellos ensayáronse as primeiras ideas do esprito moderno dos pobos, de tal xeito qu'as constituicións soilo en grande parte, se limitaron a erguer en texto soberano as libertás, os dreitos, e convén decilo, os deberes, xa esquirtos nos foros dos concellos. Pode esborrallarse o Estado. O concello mais ou menos forte, sempre ficará de pé. O

concello d'hoxe ou nuha forma semellante o na nosa terra mais xustificada na que teñan representación as parroquias coma unidades de vida. Pra moitos, (opinamos que lles sobra razón) un estado pódese definir como asociación de concellos.

Na Galiza o concello foi desvirtuado e descreditado pol'o caciquismo fillo non da psicoloxía da Terra sinón da orgaizazón centralista. Soilo por iso se chegou a dubidar da eficacia dos concellos. A concenza galega tén que volver pol'a dinidade da istituzón. Cando teñamos concellos que señan verdadeiros representantes dos veciños, teremos dado o primeiro i-esenzal paso pra vida política, no senso mais franqueado, da Galiza.

Concellos qu'o señan de verdade. Nos que haxa confianza. Que representen contra todo as enerxias dos pobos. Moitos, moitísimos problemas de milloramento, todol'os problemas de dinidade cibandán, poderían ser resoltos por concellos non de real orden, de orden do pobo. Pra elo compre sacrificarse. Que calquer capacidade se sinta honrada cando tén na mán unha vara ediliza, que calquer labrego pense qu'o tempo empregado no concello non é roubado â xestión dos propios intreses nin o folgo merecido sinon que os asuntos i-o folgo milloraran c'unha boa xestión concexil.



Coidamos aínda máis necesario un feito de bós concellos galegos qu'un mangado de bós deputados no Parlamento. E pros que vivimos

no agro e temos boas intencións e soñamos c'unha grande e ceibe Galiza, a cousa non admite a máis pequena sombra de dúbida.

*Froitoso Touza Sergude*

Ribeiras do Arnego.

## TINTA FRESCA

### PSICOLOXÍA CONTEMPORÁNEA GALEGA

Con este nome publicou a Biblioteca Labor, que tanto fai pol-a sementeira da cultura en España, un libro póstumo do noso inequecente irmán e mestre Johan V. Viqueira.

Aqueles que desexen iniciárense nos problemas da i-alma e coñecer os modernos estudos relacionados con tema de tanto interés lêndo esta obra porán logralo.

«La Psicología Contemporánea» é unha síntese crara e metodizada de canto se leva feito no mundo para constituir unha ciencia do psicolóxico como cousa aparte da Filosofía.

Partindo dos traballos de Wundt verdadeiro fundador da Psicoloxía experimental, Viqueira nos mostra os adiantos ata o momento d'oxe. Fainos saber tamén que nes foron os cultivadores de someliantes estudos na España, e ten para D. Francisco Giner dos Ríos e para o doutor Simarro que poden considerarse entr'aqueles, trechos ateigados de loubanzas, realmente notabres. Tamén apunta o feito de que, Cataluña, con Turró e outros adicóuse ó estudo de taes disciplinas, chegando co'a protección da súa Mancomunidade a criar un Laboratorio de Psicoloxía experimental e un centro d'Orientación profesional. O que proba que os cataláns n'isto como en todo queren camiñar sempre a tono co'a Europa.

Non percisamos decir que Viqueira foi un dos españois máis capacitados n'esta crás d'estudios psico-físicos, filosóficos e

metafísicos. Sempre que se fale dos máis notabres cultivadores da Filosofía na España, haberá que se lembrar do noso malogrado irmán e mestre. Discípulo de don Francisco Giner dos Ríos e de Simarro, primeiramente; logo de José Ortega e Gasset, e máis tarde dos millares filósofos alemáns contemporáneos, conquireu unha sona xusta de verdadeira autoridade en disciplinas tan serias. E por iso e pol-o seu dominio do francés, o inglés e o alemán, foi encarregado por casas editoriais importantes da tradución ó castellano de libros do máis alto interés no terreo da filosofía.

A súa obra póstuma «La Psicología Contemporánea» honróao verdadeiramente. Non se pode facer un traballo de iniciación cultural máis craro, máis completo e máis metodizado. A «Colección Labor» ó darlle publicidade, fixo un excelente servizo a cantos queren ter unha boa base para o estudo da ciencia psicolóxica. Con tal motivo o nome lumioso do inequecente irmán Viqueira volta a colleitar loubanzas, cando xa o seu cerebro tan requintado e o seu corazón tan galego, foron roídos pol-os vermes que a ninguén perdoan, baixo a terra santa do mauseliño cimenterio aldeán de Ouces.

Este número foi revisado pol-a Censura



## O que nunca morre



Xa novamentes a bandeira da terra pode ondeare ao vento n'iste Día de Galiza dimpois de unos anos vergoñosos, os derradeiros, nos que a súa eisibición era cousa pecaminosa e termiñantemente prohibida.

Ainda semella que foi onte cando os fanáticos do asimilismo e a unificación a *outrance*, os cegos e simplistas adeversarios dos por fortúa inevitábeis e froitíferas variedades das terras que integran o solar ibérico, choutaban tolos de ledicia apraudindo os *rasgos varoniles* do cativoiro dictador e os dos seus mingnados segundóns cando, levados da súa fobia a todo o complexo e multiforme e faguendo alardes de un patriotismo valeiro que xa se non usa en ningures, andaban a ceibaren órdenes rigurosas e termiñantes que moi axiña terían—asegún a crénza d'eles—de borrarren pra sempre as diversidades rexionaes que compoñen o Estado hispañol.

Aínda era ontes cando moitos dos nosos por falla de verdadeira fe en si mesmos e na virtualidade taumatúrxica do ideal que propugnamos, en presenza da rexa e cobarde campana, que os tiranos viñan sostendo andaban a se deixaren gañaren pol-o medo e pol-o desalento, coidando xa perdida a laboura feita i-estimando que os xenerosos tencionamentos terían de ficaren fracasados e mortos.

E pasaron dous, tres... até seis anos. Perante eles as persecucións s'eistremaron, toda laboura reivindicadora das esquecidas e preteridas prerrogativas e dereitos rexionaes foi supetamente coutada, e a propaganda i-eisaltación de aquilo que tan suxto e lexítimo foi é será sempre, a eisaltación e propaganda do amor e da compenetración coa patria nas mais varias formas, tuvo que faguerse clandestinamente, de un xeito oculto e por vegadas baixo disfraz, pra evitaren eisí os perxui-

zos que da súa interrupción e crebamento se puideran deitaren

Como pasaron os anos devanditos puideron aínda tere pasado moitos mais, e sere n'eles as persecucións meirandes, os asoballamentos mais afincados e o desenfreno e a carraxe punitiva dos usurpadores do mando incomparabelmente superiores. Con todo, os resultados serían os mesmos.

O espírito que informa aos pobos e que os obriga a manifestarse cada vegada con mais forza pra acentuaren a súa participación na obra común do universal progreso e milloramento, xurdiría estonces como xurden agora, dimpois da proba de estes derradeiros tempos, incólume, vizoso i ergueito, faguendo resaltare a súa natureza inmorrente, e revelando por contraste que os designios humans son decote perecedeiros e axiña fican esnaquizados e trocados en poeira cando contra él s'endezezan tencionando darlle morte.

Ise espírito, que ateiga e orienta, até condizionalos en todol'os actos diversos da vida dos pobos, a qu'e percisamente o que os nazionalistas termamos de mantere vivo e sempre sensíbel e desperto, sobrevivirá decote aos homes e aos seus feitos. De ista inmortalidade, de iste perpetuárese a través dos tempos, choutando por encol de total-as continxenzas e derrubando todol-os oustáculos, é fidel refrexo, clara evocación, a xeito de testemoio elo-coente a data nosa, o Día da Galiza, que xa dimpois d'etabrascido non deixará endexamais de celebrarese antramentras a nosa terra eisista e n-ela fique unsoiso galego con folgos pra celebralo.

Ergamos, pois, de novo a nosa bandeira jirmans no amor a terra! e que o murmuro dos seus priegues, ao sere abalada pol-o vento, sexa eisitante podeiroso pra acuciarnos na xusta e nobre arela de

acaroare a nós o gran día de terra, o verdadeiro día da terra en que a bandeira terá deixado de sere o que até o de agora é, simplemente un símbolo d'eisistenza

e de concreción de arelas, pra se trocare r-un símbolo victorioso de remate de campaña, de abrangue de meta, de trunfo craro, resoante e decisivo.

Ramón Villar Ponte

## LECTURAS

Baixo a tutela do Instituto de Coimbra comenzaron a se publicar en Gaia uns volumes tiduados «Estudos Nacionaes» nos que prestixiosas firmas portuguesas irán dando â publicidade traballos encol de historia, arqueoloxía, arte e bibliografía

Recibimos o primeiro volume que trata de «Cerámica portuense» onde o seu autor Pedro Vitorino fai un rematado e interesante estudo encol das fabricas existentes e desaparecidas así como relación de in-fluido» ouxetos de arte da cerámica.

Os volumes veñen imprentados de xeito irreprochable e con diversos dibuxos de pezas intresantísimas Dirixe esta biblioteca o señor Armando de Mattos da asociación de arqueólogos portugueses e do Instituto de Coimbra.

Leimos con moito agrado este primeiro volume recibido e ao mesmo tempo que acusamos recibo d'el participamos a «Estudos Nacionais» que comenzamos o tro-que co'a súa intresante publicación.

## PENEIRANDO

Tamén o Xaimiño crêuse con dereito a decir algo encol do intento de confusión que promoveu o señor Couceiro Freijomil e anque non expón opinión ningunha resulta según él que hai tres bandeiras galegas ou trescentas... unha milleira d'eias.

Emporiso xa saben vostedes que a portada da súa revista *ché* levaba a bandeira azul e branca. Pois vexan o que di n'un dos derradeiros números:

«Vida Gallega, sin embargo, tendrá que mantener por ahora los colores de su portada, porque se trata de un *título industrial*, objeto de registro, que no puede ser facilmente rectificado. Nos apresuramos a advertirlo para que no se nos diga que no predicamos con el ejemplo:

Como se verá, o Xaimiño ten a bandeira galega exclusivamente como negocio e ao amparo d'ela explotar aos *cubiches* E co-

como a él tanto lle da unha como outra di que non ten incomente en poñer a que lle manden. O malo e que si prosperara a bandeira de Couceiro tería que rexistral-a novamente, *como título industrial objeto de registro*, e facer un novo cliché. Isto suporía unha chea de gastos que non sabemos si poderá soportar a revista.

Afortunadamente o probrema está resolto e Xaimiño pode respirar tranquilo e ao amparo das cores branco e azur seguir exportando cursilerías a *nuestras hijas de America*

Felicítamos a Xaimiño pol-o aforro que para él supón o seguir as cousas como estaban. Pero convénzase de que si non fora por nos, os que escribimos Sant-Iago e non Santiago, iba ter que hipotecar a revista para poder trocar de portada.

Pero o seu *Galeguismo* e do que non

teñen dúbida e non repara en sacrificios.



Lamentamos moito que o señor Couceiro Freijomil non saíra co'a súa. ¡Qué lle imos facer! Non sempre san as cousas a gusto de ún. Para outra vegada terá que que andar con mais tino e non presumir de definidor.


Pódese expoñer como agora, a que non llo crean como tamén hai quen dubiba da autenticidade dos seus apellidos según unha copla que ouvimos en Ourense e que di así:

A Couceiro Freijomil  
que tén nome de gaitero,  
xa non lle chaman Couceiro,  
chámanlle... Ceregumil.

Tamén deploramos de todo corazón o paso en falso que deu o presidente da Academia. Poida que si non fora pol-o seu telegrama *particular* o Concello de Ourense non fixera o que fixo.

A nós extranounos moito que él opinara que a bandeira galega era a bandeira de Couceiro, pois nunca lle ouvimos decir nada en contra de branca e azul a pesar de termos asistido a varios actos con él onde apareceu a bandeira consagrada. Ademais; él foi presidente do coro cruñés Cántigas da Terra, varias veces, e éste coro tén no seu estandarte unha pequena bandeira galega e os cordóns das medallas académicas teñen as côres branca e azul:

Recomendámoslle mais cuidadinho co's opinións *particulares* encol de todo canto se teñen cárregos nos que a opinión debe ser colectiva. As rectificacións sempre son feas.



## TIPOS GALEGOS

# O MELRO

### I

¡Ei rabia! Aquí estou eu e mail-o meu faco. Non o hai millor en toda a bisbarra. E tan bó ponme medo. ¡Cucoo! Mira onde pol-os pés. Non tripes a este home que non nos fixo mal ningún. ¡Boeno, boeno! Abonda xa. Acouga. Pronto terás por túa toda a carreteira. Que a ti non hai quen che pare os pes nin quen seche poida poñer diante ¡Calma, calma!

¡A ver, ti, Rafael! Bota as copas para todos. Hoxe estou de farra e pago eu todo. Pero listo. Parece que estás morrendo. Estás morro hoxe morro mañán e nunca acabas. ¡Morre d'unha vez ou deixa esa facha, que non sei que da verte! Estes non son homes nin bandallos. Cómeos a brétema. ¡Cucoo! Non espaldrexes tanto que axiña iremos pol-a carreteira arriba botando chispas. (Chispas botaralas ti, que eu irei a gusto montado no teu lombo. Para eso me costachel-os cartos. E para

eso eres faco e te manteño. ¡Quietos! ¿Qués roseas? Pois agarda, que inda non as probei eu, e tamén me gustan. A ver ti, zainamoina, ¿botaches esas copas? Date presa se non quedanche ahí. ¿Ou coidas que non teño mais que facer? Pois inda é ésta a primeira e teño que recorrer moitas máis.

¡Quedo, Cuco, quedo! Xa abondo eu para barullar senón que aínda ti axudes co teu coucear no chan. ¿Ou tés fachenda por que traes zapatos novos? Pódela ter, que bós cartos me costaron. Pero boeno, adiante, que este mundo aquí ha de quedar. Gustar gústache a farra como a min. Mesmo parece que o demo nos xuntou ós dous.

### II

Este que oístes esbardallar así é o Melro. Xa vos decatariades. Vai con tres días de farra. Estaba arando en Terranova, deulle a ventoleira, unha de tantas vento-

leiras que lle dan de cote, e deixou os bois e botou a andar para a casa. Os bois xa os traerán. Xa os traerá a dona, ou o criado, ou algún dos fillos. A muller correrá con todo. Xa está afeitada as tolerías do seu home. Deuno Deus así. ¡Qué lle vai facer!

El pilla o cabalo, ponlle os aparellos e monta nél. ¡Calquera sabe xa onde está o Melro!

### III

O Melro é vinculeiro. Tén bos bés. Tén unha dona que lle mira pol-a casa e cóidalle de todo, entramentes él anda de prranda.

Non naceu para vinculeiro ni para labrador. Está millor montado nun cabalo que diante dos bois. Manexa millor as bridas que o arado. Dalle mais facha de home baril o vergallo quea vara de aguillón.

O Melro sería un bo guerrilleiro ou capitán de cuadrilla. Algo así. Montado no faeo e posto a facer figuras non hai cabalista que lle poña o pe diante. Pois en desposto e valente tampouco. El solo recorre moitas leguas de camiño de día e de noite sin medo ningún. Nin se pode pensar en medo oíndoo falar a él. Naquel peito ancho e forte non caben cousas cativas. Non se mete con ningún. Con él pódese estar tan a confianza como c'un neno. Pero cando se lle sube o xenio hai que o deixar. As mans d'el non agarran: cravan.

### IV

¡Ei, rabia! Aquí estóu eu mail-o meu faeo. ¿Oídes esos golpes e mais esos berros? E o Melro. Ven de riandola Ven de sabe Dios donde. Está amañecendo. Xa cantan os galos a barullo. Trae unha borracheira que non o deixa falar. O corpo cáelle á dereita e á esquerda como dúas balanzas en desequilibrio. Pero téñese no cabalo. O cabalo sabe ben cómo ha facer cando seu dono está así para que se teña enriba dél. Enténdense os dous. Comen roscas e beben viño man a man. E teñen o mesmo goce cando deixan a casa e pillan carreteira adiante en carreira atolada de conquista.

### V

¿Conquista de qué? Conquista de liberdade... Conquista do dereito a recorrel-o mundo sin a obriga de se ter que suxetar a ningún sitio nin a ningún. Conquista do dereito a facel-o que lle a un pete inda que sea contra o pensar e o sentir dos demais. Conquista do dereito a alteiral-o calendario unha vez que outra na vida, facendo de festa o día que a un lle veña ben. Conquista do dereito a alteirar rumbosamente a quietude secular da vida da aldea, sin medo ningún as marmulaciós nin as padricaciós do señor cura.

*Xosé Lesta Meis*

## LINGOA MATERNA

María Luz Morales a nosa distinta paisana e notabre escritora publicou en «El Sol» de Madrid un fermoso e ben orientado artigo do que nos aledamos en traducir algúns párrafos que revelan a súa crara visión do problema lingüístico en España,

Din así:

«Aquel rapaz de Ourense que rogaba á súa noiva—il universitario; ela aristócrata—que somentes lle falase de amor en

galego estaba no certo. Recitando a súa Rosalía ou o seu Pondal, a nena transformábase e unha suave pero firme seguridade xurdía non tan sô das súas verbas, senón de toda a súa persoa. Suavidade e firmeza que debía ser o encanto—e hasta o dereito—do namorado. I-é que non hai outra lingua materra para unhas cantas leves e grandes cousas: o amor, a oración, a poesía e a primeira—que é a mais fecunda—enseñanza... ¡E mais emporiso!...

Outro día, cara ao porvir, será tolería semellante a esa a de negar en nome do patriotismo — sexa este cal sexa—o dereito do neno a recibir o primeiro ensino na lingua materna.

A unha beira toda consideración de orde político, a violación d'ese dereito constituirá un crime de lesa pedagogía que non quererá cometer ningún escolante. Na aldea, na vila ou no barrio cidadán obreiro alí onde o escolante vaia a exercer o seu apostolado buscará ante todo chegar ás almiñas que lle foron confiadas, gañar a súa fé, a súa confianza e simpatía, establecer esa nobre corrente de amizade que en materia de ensino dona a metade do camiño andado. E non pode haber amizade sin diálogo. E non pode existir diálogo entre quenés falan linguas diferentes... En virtude d'esa diferenza de linguaxe—oh, si, ambos nobres, gomisos e prenos de armonía o escolante será para o seu discípulo, para o neno animado por primeira vegada dos brazos, da tenreza ¡é hasta da lingua! maternaes, o escolante será mais que un alleo un extranxeiro que se expresará n'un idioma casi incomprensible, cheo (para os ouídos dos discípulo) de altisonancia e pedantería.

Lembremos sempre, pedagóxica xá que non politicamente, que o discípulo é un neno de cinco a oito anos a quen a súa nai no berce ou no colo cantou, arrolou e agarimou en catalán, en vasco ou en galego; a quen a aboa contou lëndas e contos en galego, vasco ou catalán; a quen o pai

enseñou as labores do campo ou do taller, gabou ou rifou en calqueira d'esas linguas que foron asemade vehículo dos seus xogos, das suas ledicias e das súas dôres infanties."

"A intelixencia da crianza foise esperando ao eco, ao ritmo d'esa lingua materna que puxo no seo cerebro obscuro a primeira raridade de idea..." "cando as letras comencan a se lle facer comprensibles ao neno, as verbas—sonlle desconocidas e as ideas non saen, da súa inmovilidade no papel, por que os libros da escola falan n'outra lingua que o neno non comprende e así, n'un comenzo, ensiñáselle algo tan disparatado como e *leer sin entender*."

"A existencia, vitalidade e persistencia d'unha lingua e algo do que non cabe dudar. ¡A que engañarnos! Nos fogares dos nenos de Cataluña, como no dos pequenos campesinos de Galicia, aínda despois de tantos séculos de imposición, non se fala castelán e pol'o tanto a lingua que se pretende dar riqueza a un espírito e unha lingua artificial que sómentes cenocen na eirexa e na escola, privadas así unha e outra do seu mellor xeito de acercamento, vedado para unha e outra o camiño que mais dereito leva ao corazón. Si unha absurda lenda de torpeza, de inferioridade vaise borrando; si o neno catalán ou o galego rematan por adprender catecismo e aritmética é evidente que deben de ser moi listos."


---

## O segredo...


O que veño pedindo eu fai algún tempo pra Hespaña, pídoos hoxe, n'unha data á que queremos darlle unha jurdia transcendencia ideal, pra Galicia con mais fervor que nunca. Pido dinidade individual, decoro persoal, carácter nos homes de onde venderá por engadidura todo o demais: dinidade colectiva, conciencia colectiva,

adecentamento colectivo da vida pública; e tamén o que pensan e qaeren os mais cásiqe escrusivamente: progreso, benestar, prosperidade colectiva. Pido os medios espirituales pra chegar ós conquerrimentos materiais, que son a única forza impulsora da vida social galega. E pido que Galicia entenda esto.

*Roberto Blanco Torres*



# LABOREMOS



Un de tantos problemas que nos deben interesar pol-o que se refire á nosa fala é a cuestión do seu emprego nas templos. Dende os primeiros séculos do cristianismo fixéronse esforzos por proclamar que a predicación debía facerse na lingua vulgar, aquela que falase e entendese o povo pois para el principalmente se daba a coñecer a voz de Deus, que non só aos homes de letras, San Paulos xa manifestaba que quería escribir como as xentes sinxelas, e San Basilio decía que había que fuxir d'unha languaxe que as multitudes non comprenderán ben, sinon, pol-o contrario, era mester facer chegar a fé aos corazóns n'aquela fala que fora comprendida e sentida fondamente.

Ao decorrer dos tempos foron afianzados estos ideaes por todol-os padres da Igrexa, preceptuando que as autoridades egresíásticas entendan e falen o idioma extendido onde cumpren as suas funcións de pastores de almas, xa que d'outro xeito non poderían ser atendidas as necesidades espirituas dos seus fregueses.

Inocencio III aprobou, no Concilio Lateranense, un decreto n'este senso, e Euxenio III interesouse tamén por esta interesante cuestión.

A Igrexa, a inda que c'o o obxecto de se entender con todol-os seus membros, adoutou unha lingua oficial propia o latín, declaraba que esto non facía referencia ao povo, ao que se lle había de falar na lingua que entendese.

Como pasa con tantas cuestións semellantes, estos preceptos establecidos pol-a Igrexa non se cumpren como deberan, non certamente pol-a sua culpa, sinon, casi sempre, por imposición do poder central d'un estado ou pol-a indiferencia dos mesmos povos interesados. Esto sucedía-

lles a Cataluña, Vasconia e Galicia, onde gran parte dos seus habitantes tiñan que ouvir no Templo unha lingua que en parte ou en totalidade descoñecían. Mais Cataluña e Vasconia lograron por fin que se empregaran as suas respectivas linguas nos actos diversos da Igrexa, labo- rando por estas xustas prácticas ilustres prelados, que moitas vegadas tiveron de sufrir noxentas intromisións e até persecucións.

Desgraciadamente, Galicia sigue con este magno problema en pé, e os galegos, os do agro, a maioría, teñen que ouvir a voz de Deus n'un idioma extraño, que aínda entendido superficialmente, non lles pode chegar ao fondo da sua conciencia.

Creemos sinceramente, que si en outros trances da vida pódese tranxir c'o uso do idioma non ben comprendido, non pode ser así nas cuestións íntimas da i-alma. As verbas n'este senso dirixidas non poden ser exóticas nin frías, sinon propias e sentidas.

Os nosos eregos rurales que falan decote o galego c'os seu fregueses en todol-os aitos da sua vida en que con eles teñen relación, non deben facer esa rara excepción incomprendible de deixar samente de falar a nosa lingua cando no Templo cumpren c'as ocupacións que lles impón o seu sagro ministerio.

En todo caso, non nos cansemos de traballar para que se explique o Evanxelio na lingua vulgar, e seguindo o barudo exemplo de Cataluña e de Vasconia, fagamos chegar aos nosos bispos as xustas arelas pol-as que decote suspiramos.

S. M.

## Un tema para meditación

Hachámonos ben decatados de que a cidadanía nou xurde na nosa terra como nós quixéramos. Moitas cousas se opoñen a elo. Non haberemos de as señalar agora. Agora queremos somentes ceibar unha idea que xa non é nova en nós. A de organizarmos minorías para un futuro goberno galego. A de criar unha abrevatna de réxime rexional. A de enfrontarmos unha Galicia viva e europea co'a Galicia morta asoballada pol-o caciquismo.

Isto podería conseguirse así: facendo un censo, mediante un chamamento nos xornais, de cantos arelan o progreso da terra, no senso democrático, a base d'esnaquil-os caciques. Causa compatibel con todal-as ideoloxías políticas. Procurar para esta cousa previa adesiões nominaes en cada cidade e vila galega. Logo facer que todol-os snxetos d'esas adesiões votasen, enviando seus sufraxios, a un organismo escrutador elixido convenientemente, en prol d'aqueles paisanos mais significados e que mais confianza lles ispirasen que por maoría quedarían así nomeados procuradores da galegitude, certo tempo, para se xuntaren en assembleia onde plantearíanse e discutiríanse todol-os nosos problemas coma n'un verdadeiro congreso de deputados no que non faltase un comité executivo supremo co'a misión de terminar do cumprimento das conclusións que se acordaran.

Levando ben as cousas, co'a debida seriedade, coidamos que axiña teríamos en pe, educada civicamente, unha abrevatura selecta da nova Galicia que acabaría facendo considerar facciosa a Galicia vella e morta de caciques e cuneiros e señoritos politiquiños ô servizo das oligarquías do centro. Así as forzas eleitoraes que na nosa terra fan deputados que non reperentan a vountade popular, licarían desautorizados mediante a voz sempre acesa dos elixidos como procuradores da galegitude pol-o voto das minorías concens-

tes. Así tendo alcaldes, xueces municipais, niu outras pezas da máquina caciquil, desd'a oposición iríamos impondo e gobernando en certo modo. Así civilizaríamola. Non hai laboura de mais presa, ninsabemos que poida concebirse unha escola millor e mais sinxela d'educación cidadana.

Bríndovos, irmáns, esta tésis para que sobre d'ela meditedes no Día de Galicia. No tremolar da bandeira azul e branca, ouvide estes degoiros de libertada.

*A. Villar Ponte*

## LUZ

As brétemas lixeiras que abalando camiñan pol-as altas montañas que se perden no azul, tremecentes co alento da choiba soberana remexen nos espazos seu vaporoso ful.

Cara o cristal bruñido do océano xigante que acouga reclinado sobre do patrio chan, trunfás e maxestosas en procesión solemne pol-a vía anchurosa pouquiño a pouco van,

O vago sentimento da saudade que garda lembranzas e arelas do cote a froecer, espallase no mundo co-a lene craridade do día desfollado nun morno atardecer.

A procesión detense no lonxano hourizonte, dos mares caridosos sobre o regazo mol; e antre das suas gasas envolve agarimante a face abermellada do fulgurante sol.

Un río caudaloso de fogo escentilante na entrana vagarosa da brétema xurdéu, cal lume que prenderan os bicos amorosos que aló na lonxanía trocan o mar e o ceu.

Pra a nosa terra amada a noite cando chegue non ha traguere es loitos do seu mouro capús, porque pol-o poñente, con chamas d'esperanza, brillará eternamente unha estrada de lus.

GONZALO LÓPEZ ABENTE

## Galicia na Exposición de Sevilla

Otero Pedrayo publicou en "Pueblo Gallego" un fermoso artigo, como todol-os seus, lanzando unha idea que temos que recoller con entusiasmo ate vel'a cristalizar en realidade. A de que os libros, ouxetos de arte e demais cousas que Galicia cnrsóu á exposición de Sevilla volten a Galicia e sexán donadas ao Seminario de Estudos Galegos para formar parte da colección de cousas galegas con que xa conta.

Consideramos unha feliz idea ado noso querido irmáu e pol'a nosa parte sumámonos a ela cobizando que Galicia enteira apórtelle o seu parabén



# A COLEIZON

Estaba co pensamento a devagar i-a mirada fi'a, cando a cadoira púxose a beilar sobor de un soio pé e rebindo a ollada donde ela a ta a forza que a movía vin a Esmoris sorridente e intenzoado. Non sei que cousa me quixo amostar chiscando un ollo, nin que segreda causa lle fixo soerguel-o dedo ata debaixo do narís coma acadando silencio. A cadeira seguía a rodar nun pé facendo riscos de cando en ves no serruxe mollando da choiva. Un home magro, fervoento, pu-xo de súpeto unha perna antre dúas do asento.

—. Señor, non faga iso. Pódelle seres unha disgracia.

—. Home ¡Loirido! Perdóeme, hom; non sabía... si soupera que andaba vostede ciqui nin tal fixera. Séntese, faga o favor; vóulle apresenter a un meu amigo: O señor Bouza Brey, estudante de leis... don Paulos Lourido, escriván. I-eisi foi coma eu coñecín a don Paulos Lourido, simplorio, coleizonista i-empregado.

Na man dreita tiña tres dedos pretos de tinta o meirande, o mais groso i-o que serve pra asinalar ao lonxe; a faciana emborrallada de coto da mesma cõr que as nódoas cincentas do traxe o bandullo cumprido e famento, acolledor de to-de todol-os lixos da sua mesa de traballo i-o pouco unto que tivera levábao-nas voltas da cha-queta a restregar no pescozo.

—. O señor é moi amigo de bulras, sabe? -díxo-me teimoso á boa fe - xa algunha ves rifamos. Mais é bo rapás e sabe de min, anque teño iste xenio tan levián. E logo vostede é de Sant'Iago? Eu tamen lle estudei alá pra mestre mais, ¡vai-che boal cicais vostede non era nado. Agora un válese coma pode. E non é que estea mal, non.

Non embargantes unha escoliña socegada... e unhas vidrazas pra por dentro a coleizón... E lus eleitrica; non un candieiro coma o que teño que me chamusca o teito e me queima as meniñas dos ollos. Porque xa vai un vello, sabe? si fora coma dantes...

Facía unha tempada longa que se fora Esmoris i-aos poucos fúmonos quedando sos; o taberneiro dempois de labaricar nos vasos, armou unha ringoleira de patacóns e de cadelas mais abondosa que a dun peto das ánimas; seica fumamos todo tabaco que eu levaba derriba e Lourido inda latricaba cos mosmos folgos que ao emprenzipiar.

Xa me chantaba labazadas no lombo, chamábame de ti i-envidábame a un viño encetando en augardente, que antre il e o balburdio da fala andábame a rolan-o mundo no intre da testa.

Ceguei a saber da sua vida mais que il mesmo; soupen os seus degoiros e as suas afeizóns; a sua nenez eivada pol-a fame; a mocidade no casal do seo tio crego; de unha coleizón que lle deixara por herda...

Coleizón que endexamais dheguei a saber de que, pois cando xa ben adentrada a noite, atracamos a portalada da casa, embebecidos pol-a choiva e abalados do vonto, coma eu non tiña mistos nin el tampouco tivémosos que arredar.

Arestora non voltei a falar co-il. Non sei por que, anque pase arrentes de min, fai coma quen que non me coñece.

Vilagarcía Xulio de 1930.

*Luis Bouza Brey*

☼

Un pobo que deixa perder a súa lingoa é un pobo vencido e condeado a desaparecer. Pol-o contrario, un pobo vencido, namentres conserve a súa lingoa pódese decir que tén na súa man a chave da súa prisión; poderá ser invadido, sometido ao xugo mais forte por parte do conqueridor, pero morrer... endexamáis.

FEDERICO MISTRAL.

# Faiscas

No día que hoxe festexamos, os nosos olles e os latexos do noso corazón encamiñanse únicamente a un punto único: Galicia.

Nosa única patria asoballada por xentes extranxeiras e farisaicas, xentes propias sin conciencia que zugan o mel doce da nosa persoalidade racial.

Non son eu dos que creen que os homes teñen dúas patrias. Unha soia, íntima, cordial que nos dona sentimento e distinción, que nos fai ser como somos e dónanos carácter, alma e vida. Con estes bagaxes espirituales entramos no mundo aportando á variedade humán os caracteres específicos nosos e contribuíndo así á riqueza variada da Humanidade.

Canto mais nosos sexamos mais favoremos e con mais aportacións contribuíremos á maravillosa gama humanística.

Foron os homes os que fixeron a distribución en Estados que atualmente coñecemos. Unha distribución arbitraria e caprichosa que outros homenes poden desfacer.

A Natureza láia-se e rebélase contra esa clasificación e loita por impoñer co tempo a súa maravillosa obra. Os galegos que pensamos na nosa terra autuamos infruídos e dirixidos pol-a mán da Natura para donarlle a Galicia íntegramente o seu patrimonio propio.

Todo home tén liberdade de acción para arredarse do contaito morboso d'outross homes cos que non conxenia. A mesma facultade teñen os pobos xuntoiro de homes.

Nin os homes nin os pobos teñen porque soportar xunguimentos funestos e perxudiciaes.

Non tén consistencia nin solidez, ningunha unión material que non está vence-

llada por unha gran compenetración espiritual.

A nosa fala é a chave que nos abrirá a porta do futuro.

*Victor Casas*

## NOVAS DA CAUSA

Otero Pedrayo, Cuevillas, Blanco Torres, Alvero delas Casas, Primitivo R. Sanjurjo, Peña Ray e algúns mais amigos nosos andan percorrendo toda a provincia de Ourense dando conferencias e mitins de carácter nacionalista e anticaciquel que teñen despertado verdadeiro entusiasmo no feudo de Bugallal.

Xa levan feito varios aitos e a súa labouira comenza a dar froitos en organizacións que están xurdindo de carácter galeguista e antibugallalista.

Con verdadeiro calor apraudimos esta boa obra que redimira á provincia Ourense das poutas brutales do caciquismo de Bugallal.

En Lalin xuntáronse n'este mes varios queridos amigos nosos para prosiguir a labouira de estudo d'aquela comarca encetada polo benemérito Seminario de Estudos Galegos.

Con tal motivo pronunciaron dúas conferencias en galego e encol de Galicia e do galeguismo os nosos entrañables irmáns Cabeza de León e Otero Pedrayo.

As ideas redentoras de Galicia siguen acadando novos prosélitos en todol-os corrunchos da terra. Proba d'elo son os grupos nacionalistas que andan a se organizar dos que imos dando conta aos nosos lectores.

A delegación de Viveiro ficou xa tamén constituída e fórmana até agora os seguintes irmáns:

Ramón Villar Ponte, Manuel Antonio Méndez, Esteban Almoína, César Parapar A. Vázquez, José Trasancos, José López.

## POLÍTICA DO «SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS»

O «Seminario de Estudos Galegos» vive completamente arredado da política militante. Na súa aitividade toman parte homes de moi distinto modo de pensar, das máis dispares orientacións ideolóxicas, sin que nos anos que leva a n sa institución houberase producido o máis cativo roce entre esas diversas ideoloxías que no Seminario conviven.

Pero o Seminario téna súa política como a téna calquer entidade cultural, social, económica... por cativa que sexa súa esfera de acción. Toda entidade de ese xénero trazará vieiros con aspiración a que por eles se encamiñe a vida pública; atopará acertadas ou desacertadas certas medidas de goberno; dirixirase aos poderes públicos en demanda de reformas ou en reclamación de agravios: por calquera de eses camiños intervendrá, con máis ou menos eficacia, na vida do Estado, no exercicio das funcións soberanas: fará outa política.

Por outra parte, co estudo que o Seminario fai da rexión galega no seus aspectos todos, vai amostrando cada vez con maior forza a persoalidade da nosa terra, os rasgos característicos que a distinguen das outras rexións españolas. Na estauta soterrada durante séculos nas profundidás do chán, fai o xestoso aparecer pouco a

pouco o barro e as sustancias estranas acumuladas sobor de ela pol o tempo e vai así sacando á lus os belidos trazos da escultura e facendo ver que aquilo que de primeiras púdose tomar por unha masa informe ou de toscos liñamentos, é quizáis maravillosa creación do xenio de un gran artista.

Así, os pobos que como Galicia viviron séculos e séculos soterrados baixo a capa de elementos forasteiros que os desfiguraron facendo desaparecer a súa fisonomía, van, gracias aos continuados esforzos de amadores románticos e de abnegados cultivadores da cultura indíxena, recobrando os seus rasgos propios e afirmando de este xeito cada día con máis visión, a súa persoalidade e con ela dereito de exercer con plena autonomía, as funcións á tal persoalidade debidas,

E velaí a nosa política. Sin propoñerse facela, pol-o soilo resultado da súa labouira cultural, o Seminario faina no máis nobre e simpático senso da palabra. Fai unha política dinificadora, a úneca, en verdá, que téna poder pra libertar e redimir aos pobos.

*Salvador Cabeza León*

*Presidente do «Seminario de Estudos Galegos»*

No mes de Saut Iago de 1930.

## LEMBRANZA

O 15 d'este mes de Xulio fixo corenta e cinco anos que morreu a nosa santa Rosalía. No vindeiro mes de Agosto cúmprese o sexto aniversario da morte de Xoan V. Viqueira, o noso irmán e sabio filósofo.

Duas esgrevias figuras galegas que alumearon o seu pasa pol-a vida con ideas de lus que sinalan o noso camiño.

A NOSA TERRA cumpre co seu deber lembrando estas datas que acochan as inmorredeiras recordacións de Rosalía e Viqueira.

## Homenaxe a LUGRÍS FREIRE

Na vila de Sada, pobo natal do noso entrañable irmán e mestre, celebráronse o 13 dos correntes varios homenaxes en honor do gran poeta, notabre dramaturgo e fervente patriota LUGRÍS FREIRE.

Consistiron na colocación d'unha lápida de mármore na casa onde viviu a súa mocidade, na rotulación d'unha rúa co seu nome e n'un banquete popular.

De toda a comarca mariñán e da Cruña concurriron centos de persoas que cinguidas aos veciños da ridente vila constituiron unha enorme moitedume que concurríu aos aitos.

As once da mañán descubreuse a lápida cuberta con unha bandeira galega e aos acordes do noso Hino. Pronunciaron unhas verbas o presidente da Sociedad de Instrucción de Sada y sus contornos, orgaindora co concello sadense dos homenaxes, o noso bon amigo Casares Quiroga e o mesmo LUGRÍS que n'un sentido e fermoso discurso en galego deu as gracias pol o agacullo, tendo verbas acesas de galeguismo e amor a Sada e á terra galega.

Seguidamente descubreuse o nome da rúa, o mesmo cuberta coa nosa bandeira e aos sons do hino galego e dixo unhas verbas o alcalde de Sada ás que contestou LUGRÍS con outra peza oratoria en galego que provocou o entusiasmo e aprauso dos milleiros de persoas congregadas na rúa.

A unha da tarde no salón da Terraza deu comenzo o banquete ao que asistiu on perto de douscentos comensaes. A bandeira da Irmandade da Cruña foi pendurada fronte a presidencia que ocupaba LUGRÍS coa súa dona e fillos. Nos postres ofreceu ô banquete Casares Quiroga que fixo un

admirabre discurso gabando a persoalidade literaria, patriótica e democrática do homenaxeado, combateu ao caciquismo que novamente quere ceibarse en Galicia e chama a todol-os galegos a un'ón para acadar para Galicia e para Hespaña días de liberdade.

O noso irmán Victor Casas foi o encargado de dar lectura ás adhesións recibidas. Cartas e telegramas que en número maior de cen chegaron de toda Galicia a sumar o agarimo dos ausentes ao homenaxe. A maior parte redactadas en galego e de persoalidades destacadas de Galicia, algunhas provocaron aprausos dos congregados. Tamén deu lectura a unhas cuartelas en galego de Antón Vilar Ponte, que ausente en Viveiro non poido concurrir ao homenaxe. As verbas de Villar Ponte son un rematado estudo da personalidade de LUGRÍS en todol-os seus aspectos, escritas no seu admirabre estilo e cheas de conceptos e pensamentos encol da obra do poeta mariñán e dos momentos autuaes de renovación galega. Foron acollidas con unha gran ovación e vivas a Villar Ponte.

Falaron despóis o alcalde de Sada, o abogado cruñés e cadeirático da Universidade Central, Emilio González, o señor Arévalo, sadense emigrado, delegadô dos obreiros cubanos n'un congreso internacional que se vai facer en Xinebra, o presidente da Academia Galega, D. Eladio Rodríguez, e o conselleiro da Irmandade cruñesa, irmán Mosteiro, que leu unhas cuartelas.

Ao erguerse LUGRÍS os comensaes postos en pé e no medio de vivas a Galicia e a LUGRÍS, comenza léndo uns versos onde d

que aceita o homenaxe para llo ofrendar a Curros, Pondal, Murguía, Salazar e outros precursores que o iniciaron no seu amor a Galicia; da tamén leitura a uns versos que fai pouco tempo publicou adicados ás mañás de Sada, a terra fermosa e única ateigada de poesía que él levou aos seus poemas. Despois pronunciou unhas verbas de agradecemento, de profundo amor a Galicia, pedindo a todos que pensen e traballen pol a súa liberación e cobizou que na hora da morte a liberdade acompañe a todos. Vivas e aprausos entusiásticos pechan o aito que resultou d'unha gran emoción.

A confeccion d'este número e a calidade d'esta revista impídenos dar unha máis ampla reseña dos pormenores que concorreron en todol-os homenaxes tributados a Lugrís n'ese día.


A NOSA TERRA tén de adherirse con verdadeiro entusiasmo saído do fondo do corazón a este homenaxe, a un home exemplar que adicou toda a súa vida a traballar pol-a causa da redención galega. Unha constancia e patriotismo que, a pesar dos anos de Lugrís, son cada día mais intensos, tén de causarnos admiración ao mesmo tempo que un fondo agradecemento. Vello xá, sigue alumeado por un espírito sempre novo que recibe as novas ideas

de galeguismo para ser un dos mais rexos e barudos paladins da Santa Causa. Un caso como non é posible que haxa outro, e dende logo único en Galicia. Por eso á par que lle renovamos o noso entrañable cariño ateigado de admiración pol-o exemplo que dá as xeneracions mozas desexamos para ben de Galicia e da súa Causa que o mestre Lugrís acade longos anos de vida que él seguirá ofrendando ao sagro amor á nosa terra.


Temos que enviar tamén a nosa embora a sociedade «Sada y sus Contornos» que patrocina os sadenses emigrados en Norte América. Ela organizou o homenaxe e merece agradecemento pol-as atencions que tivo con quenos assistimos a él como merece un fervoroso aprauso pol-a enorme e patriótica laboureira educativa que fai nas súas escolas.

Son dinos de admiración verdadeiramente.

Ao remate do homenaxe a numerosa representación que foi a Sada da Irmandade da Cruña e acompañada de Lugrís, acercouse ao cimiterio civil de Ouces a depositar unhas frores na campa do noso chorado e sabio irmán Xohan Viqueira.



## FOLLAS NOVAS



### 'As Cruces de Pedra na Bretaña' e "Cincoenta homes por dez réas" por Castelao

Castelao, o admirabile artista e pensador, acaba de nos dar dúas probas mais da súa arte maravillosa e única e do seu profundo pensamento. Dous libros, cos tiduos que anteceden, saídos ao público con poucos días de intervalo.

O xenial dibuxante estivo no ano pasado en Bretaña, a nosa irmá celta, pensionado para estudar os cruceiros n'aquela terra, e no seu primeiro libro dónanos

unha escollida e interesantísima colección de dibuxos recollidos que demostran a semellanza enorme existente entre os cruceiros bretóns e os galegos, froito da piedade e da creación popular que é onde mais se manifesta o espírito e a racialidade dos pobos.

O lápiz esgrevio de Castelao reflexa con toda fidelidade o que viron os seus ollos, riqueza e traxedia ao mesmo tempo,

do entrañable Alfonso; e do valor artístico dos dibuxos non hai que falar despois de decir que son seus, de Castelao, cuxa sona acreditada é do coñecemento xeneral.

O libro, preciosamente impreso, foi confeccionado en Pontevedra baixo os auspicios do autor e do Seminario de Estudos Galegos.

A Editorial cruñesa «Nós», que tanto e tan bo leva feito e anda a facer pol-a cultura galega, foi encargada de imprimir os «Cincoenta homes». Cincuenta dibuxos formidables, maravillosos, cada ún co seu pé onde o humorismo fino, galego de Castelao conquira unha nova batalla para a súa xa cimentada sona de primeiro humorista galego e dos primeiros da península.

Por si isto fora pouco, aínda leva o libro unhas verbas en forma de «aviso» onde Castelao plasma vigorosamente o

seu humorismo, o seu pensamento e as súas facultades literarias.

Por todos conceptos ún como o outro libro están chamados a conquistar gabanzas da crítica e rápida venda xa que ademais da valía d'eles é Castelao quizais o autor de fala galega que mais axiña esgota os seus libros. Ten espricación natural pois a popularidade de Castelao é tanta que non hai en Galicia que non sepa da súa arte e do seu humorismo.

Nos temos que recibir éstos dous libros con unha ledicia inmensa pois ademais do que eles significan e aportan á literatura galega ollamos así ao noso querido irmán en preno traballo produtor que o fará distraer das súas fondas amarguras.

A nosa felicitación aos editores e a Castelao unha querendosa aperta de admiración e cariño entrañable.

## NO DÍA DE GALICIA

Os rapaces da miña xeneración, esta miña xeneración que escomenza agora a fenestra da vida, non ven diante de si, mais que un hourizonte dentado de pinos zóantes, de montes ergueitos e insensibles, de casas con portas pechas, destacando sobre un paisaxe duro e inhóspito. Diríase que o espírito de Primo de Rivera o animase nunha trasmigración trágica que o escurecese é asobase. E así, n'isas tiniebras, faltos de fé, buscan o Cristo que os ha de salvar, sen decatarse que fan o mesmo papel que os herrantes xudíos que tamén o buscan sen que endexamais o atopan.

Mais se non crea que todo e negro n'iste panorama político; unha luz lonxana que brila fúlxida no ceo nubarento. lanza sobriles seus raios luminosos que tocándolles nos peitos quédanse alí, decote acesos, convertidos en estreliñas. Isa estreliña, símbolo do seu amor a Terra, será quen os salvará; isa estreliña que n'outrora esprandececeu sobri'a tumba milagreira do

Apóstol, será quen lles siñale o vieiro santo que han de percorrer si queren ser dinos de si e de Galiza.

¡Hai d'iles si a deixan apagar!

*Xosé Vázquez Sánchez*

Día de San'Iago do 1930

## PRA VOS

Prendille na cabeza do meu fillo, unha estreliña forxada na Irmandá e quero ver brillar á luz d'esa estreliña hast'a chegar cegar.

Que vexan os demais n'esa estreliña á luz da Libertá.  
Que vexan que o tesouro mais querido o ten o seu brillar.

Estreliña feita de carinhos, estrela do meu lar, que sempre te levei como reliquia de Terra, Dios e Nai, xu te deixo prendida no meu fillo para sempre endexamais.

CAMILO DÍAZ BALIÑO

sant-Iago, 1930.

**Este número revisado pol-a Censura**

IMP. VILLUENDAS.—BETANZOS

# BANCO PASTOR

Antes Sobrinos de José Pastor

Casa fundada en 1776

Capital suscrito . . . . .	Ptas.	17.000.000
Id. desembolsado . . . . .	"	11.000.000
Fondo de Reserva . . . . .	"	4.000.000

Casa Central: NA CRUÑA

## SUCURSALES

Vigo, Lugo, Viveiro, Ferrol, Sarria, Monforte, A Estrada, Tuy, Melide, Muxía, Carballo, Mondoñedo, Pontedeume, Villalba, Ribadeo, Ortigueira, Carballiño, Padrón, Póvoa do Caramiñal, Rivadavia, Noia, Barco de Valdeorras, Verín, Rúa Petín, Vimianzo, Ponteareas e Chantada.

## CONTAS CORRENTES CON LIBRETAS

Abonando os seguintes intreses:

A vista . . . . .	2	1/2	%	anual
A tres meses . . . . .	3		%	"
A seis meses . . . . .	3	1/2	%	"
A un ano . . . . .	4		%	"

## CAIXA D'AFORROS

Abonando intreses ó 3 1/2 % anual

## CONTAS CORRENTES EN MOEDA EXTRANXEIRA

Intreses a convir

Venta de xiros sobre todo o mundo, especialmente América

ZINCKE HERMANOS

LIBRERIA

PAPELERÍA

IMPRESA

Cantón Grande, 21 - Estrella, 37

A CRUÑA

PAULINO FREIRE

BOUZAS — VIGO

Sucursales: na Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarrafa Aparellos armados e en panos, para barcos pesqueiros. Malletas de abaca e cáñamo alquitranado-Cables de aceiros, ingleses Aceites xenerás e vexetaes, e surtido completo para maquinaria e pesca.

SANTA LUCÍA, 26 E 28

A CRUÑA

# FILLOS DE H. HERVADA

(CASA FUNDADA EN 1865)

A CRUÑA

Ferretería, Quincalla, Muebles, Máquinas, Pedras Francesas para muiños etc. etc.

AGUAS DE  
**MONDARIZ**

FUENTES DE GÁNDARAY TRONCOSO

Propiedad de los Sres. Hijos de Peinador



Véndese en todas las  
Boticas, Drogueirías,  
Hotels,  
Depósitos d'augas  
minerás,  
Restaurants e  
vagos camas de  
todol-os três.

As mais indicadas en casos de artritismo,  
desnutrizón, diabetes, obesidades diversas,  
doenzas do aparello dixestivo, anemia e  
neurastenia.

Riquísima auga de mesa gaseada naturalmente.

*Mondariz-Balneario*

a 35 kilómetros de Vigo.